

# Manifiesto 19M

## Ante a Emerxencia Climática, non máis promesas baleiras

Un ano máis, activistas de todo o mundo unímonos para denunciar a inacción dos nosos gobernos fronte a Emerxencia Climática. Esta vez, afrontamos tamén unha gravísima crise sanitaria que sacude o globo, consecuencia directa da perda de biodiversidade e dun proceso de globalización que non coñece límites. Segundo as Nacións Unidas, a falta de ambición e de compromiso dos países lévannos cara un aumento da temperatura global moi por riba dos 3 °C, o que provocaría consecuencias catastróficas para as sociedades humanas e os ecosistemas.

A xuventude volve ás rúas empurrada pola urxencia da situación. É imposible obviar que a crise climática xa está aquí e que xa estamos a sufrila. O 2020 foi o ano máis cálido xamais rexistrado. Este mesmo mes de xaneiro, en moitos lugares de España, vímonos afectados polo temporal Filomena e, poucas semanas despois, outras zonas batían récords con temperaturas de máis de 29 °C. Todo isto, apenas un ano despois do devastador temporal Gloria, que deixou a costa mediterránea baixo a auga. "Un temporal que se da unha vez cada medio século", díxose daquela.

En Galicia tamén estamos a sufrir as graves consecuencias da crise climática. Unha delas é o alarmante aumento dos incendios nos últimos anos. Segundo o [IGE \(Instituto Galego de Estatística\)](#), só no ano 2019 producíronse 1.653 incendios, queimando o equivalente a 13.000 campos de fútbol. Sabemos que os incendios ocorren cada vez con máis frecuencia e xa son un fenómeno habitual, pero que está a facer o Goberno galego para evitalo? Nada, é máis, só consegue agravar o problema cun novo plan forestal que atende unicamente a fins produtivistas e fomenta o monocultivo do eucalipto.

A inacción da clase política fronte a esta situación obríganos á xuventude a mobilizarnos e reclamar o noso dereito a un futuro digno, a unha vida digna e a unha vida que mereza a pena vivir. Estamos fartas de falsas promesas e políticas nada ambiciosas. Temos a oportunidade de actuar, de decidir sobre que presente e futuro queremos: se cara un modelo que sitúe o benestar das persoas e do planeta no centro, ou manter o actual. Destruindo vidas e territorios, explotando persoas, acrecentando de forma acelerada as desigualdades, onde os únicos beneficiados son os de sempre, sen darnos conta de que perdemos todas. Non facer nada non é unha opción: estamos nunha encrucillada e a vida vai perdendo. A chegada dos fondos Next Generation EU ó Estado español, de 140.000 millóns de euros, podería seguir inclinando a balanza cara un sistema precarizador, explotador e ecocida, profundizando cadeas de desposesión e lucro, multiplicando débedas e vendéndonos un futuro que nin é nin será verde, nin resiliente, nin transformará nada. Como pode parecer nos normal? Iremos a quedar sentadas e permitir que estes cartos os leven as grandes empresas? E o que é peor, que en lugar de axudar a solucionar os problemas, contribúan a agravalos?

A resposta é **non**. A precariedade das nosas vidas, das de todas, xa está tocando os límites. Para gran parte da mocidade, pensar nun futuro de maneira optimista é imposible. É complicado crear solucións a longo prazo cando non sabemos nin o que nos espera ó día seguinte. A precariedade laboral e o paro xuvenil están en máximos históricos. Vivimos nunha sociedade

enferma na que os coidados son desprezados e invisibilizados, e os corpos redúcense a un recipiente, a unha ferramenta máis nas mans do sistema. Un sistema que funciona ás costas da nosa propia supervivencia, un sistema depredador que non entende de ciclos naturais nin de soste as vidas que conviven neste planeta. Necesitamos cambiar de rumbo, baixar o ritmo e falar de necesidades, de vidas, corpos e ecosistemas, de saúde comunitaria e planetaria.

Son os valores patriarcais de conquista e dominación os que nos trouxeron ata este punto tan crítico da historia, no que os territorios e os corpos son explotados, pero non todos por igual. As súas repercusións non nos afectan a todas da mesma maneira, nin as corporalizamos nin territorializamos da mesma forma. As mulleres, especialmente aquelas máis empobrecidas, disidentes, trans, defensoras e do Sur Global son as que sofren en maior medida as consecuencias do noso modelo extractivista e ecocida. Estamos en débeda, non podemos soste máis este sistema que cada día destroza máis a nosa casa, o noso planeta: necesitamos cambiar de raíz, camiñar cara horizontes descoloniais, ecofeministas e comunitarios, no que os coidados, os afectos e o colectivo sexan máis que un lema, que sexan práctica cotiá.

E a pesar desta realidade, a pesar de todo, que se nos ofrece como solución? Falta de ambición, balóns fora que dan lugar ao colapso e a precarización, unha clase política que non está disposta a dialogar e facer o suficiente, unha ansiada Lei de Cambio Climático que nin se achega ós obxectivos marcados polo IPCC, nin sequera a aqueles marcados pola propia Unión Europea.

Non hai tempo para discursos baleiros, necesitamos accións valentes e ambiciosas. E necesítámolas para onte. Non nos imos conformar con outro parche na máquina. Non. É necesario un cambio de raíz das nosas formas de facer, consumir, producir e vivir. E non, non son accións valentes e ambiciosas se se lucran os de sempre a costa das de sempre. Basta xa de vellos remedios para un vello modelo. Construamos un novo sistema poñendo a vida do planeta e das persoas no centro. Deixemos de endebedarnos o futuro. Non máis promesas baleiras.

19 de Marzo de 2021,

Fridays For Future Galicia

